

As mil caras do teatro

Cando un libro se converte en punto de encontro no escenario

Boas prácticas ^[1]

Sagrario Torrado Blanco

IES Arcebispo Xelmírez I (Santiago de Compostela- A Coruña)

sagrario.torrado@edu.xunta.es ^[2]

Adrián Noia, ex alumno do IES Arcebispo Xelmírez I (Santiago de Compostela- A Coruña)



Lectura dramatizada do grupo Vai no Dentista na presentación de *O país dos raposos*,

de Adrián Noia, na biblioteca do IES Arcebispo Xelmírez I en outubro de 2022

Cando me mandaron ler en terceiro da ESO a obra de teatro *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño, para a materia de Lingua Galega e Literatura, nunca pensei que dous anos máis tarde, no mesmo lugar, a uns metros desa aula do instituto —no salón de actos—, acabaría interpretando outra obra do gran dramaturgo galego, *Animaliños*, con **Vai no Dentista**, insigne representación da innovación educativa latexante do **IES Arcebispo Xelmírez I** de Santiago de Compostela.



Representación de *Animaliños* no Auditorio Municipal de Rois en xuño de 2019]

Daquela eu pedira ese libro na biblioteca do centro coma calquera rapaz que, froito da situación económica do país, tiña moi claro que debía aforrarlles esa compra aos meus pais. Talvez podían permitirse comprar ese e máis libros, nunca houbo queixa, mais no momento non fun consciente do gran labor social que ten asignado a institución da biblioteca, isto é, a posibilidade de achegar a cultura a todas as clases sociais. A gratuidade deses libros públicos si ten un prezo, está claro que se compran cos orzamentos do Estado e que todas as persoas colaboramos cos nosos impostos. Ten, asemade, un prezo social vencellado á educación pública, á universalización da cultura, da creba das fronteiras entre os ricos instruídos e os pobres desamparados, entre os señoritos de cidade e os paisanos coa gadaña ao lombo. Cando se chantou o primeiro bloque de cemento da primeira biblioteca pública, eses libros —propiedade de todos e de ninguén— foron a semente da cultura democratizada. Foron tamén indispensables no mantemento do eixe vertebrador do ensino público.

Dado que non é determinante coñecermos esa primeira biblioteca tanxible, quero lembrarme doutras, especialmente das móbiles que malamente se levan instalando por diferentes puntos do país para contribuíren nesta boa causa. Penso naquela que aínda perdura ao pé do cantil da praia de Razo en Carballo, por exemplo. E a partir delas, non podo evitar lembrarme tamén destouttras históricas que foron acollidas con grande entusiasmo coetáneo: as bibliotecas móbiles («bibliobuses») das Misións Pedagóxicas da Segunda República que transportaron a literatura ás vilas e ás aldeas máis afastadas. Dicía, ao caso, Manuel Bartolomé Cossío —presidente do Padroado das Misións— que «o goberno da República que nos envía dixo que veñamos, ante todo, ás aldeas, ás máis pobres, ás máis escondidas e abandonadas, e que veñamos a ensinarvos algo». Creouse, á parte, a colosal cantidade de 5522 bibliotecas escolares. A cifra fala por si mesma. Levaron tamén os museos ambulantes, o cinema, o gramófono para a música, os fantoches... e non só isto, senón tamén o teatro clásico representado polo Teatro del Pueblo, de Alejandro Casona, ou, nomeadamente, a propia La Barraca dirixida por Federico García Lorca a carón dun elenco que, por desgraza, ficou no esquecemento por culpa dunha guerra cruel e dunha posguerra terrorífica.

Iso si, en Galicia tamén estiveron os libros e o teatro neses anos das Misións, estivo Lorca, colaboraron galegos coma Maruxa Mallo e Rafael Dieste. Remítome ademais a esa xa eterna estatua do poeta granadino na alameda de Compostela, a ese amor pola lingua galega («Chove en Santiago, meu doce amor», enunciaba Federico), canalizado nas múltiples visitas ao país e impregnado, xa que logo, no espírito da biblioteca pública galega e universal. Alén diso, froito desa memoria colectiva que algúns de nós practicamos con devoción, cómpre salientar que desde hai pouco tempo vén celebrándose o **Día de Lorca en Galicia**, o 25 de outubro, grazas á iniciativa da editorial Alvarellos, e por algo será.



Recital dramatizado dos *Seis poemas galegos* de García Lorca o 25 de outubro de 2024 na Alameda de Compostela]

Volvamos ao presente inmediato. Hai moitas cousas que me veñen á cabeza cando penso no teatro e moitas delas florecen das bibliotecas que visito con asiduidade. Se unha delas foi o préstamo de *Doentes*, outra foi pasar algunhas tardes da miña infancia e adolescencia na Biblioteca Ánxel Casal entre os libros dos seus estantes, respirando o po do saber, tocando os testemuños vitais das escritoras e dos escritores e imaxinar, quizais, que algún día da miña adulez podería ser coma eles, e non me equivocaba. Algunha vez manipulei todos os libros de Margaret Atwood —coma *O conto da criada* ou *Oryx e Crake*—, non o recordo ben, aínda que si son consciente de que ese momento me mudou e que máis tarde me axudaría a compor a novela *O país dos raposos* (Toxosoutos, 2022). No momento non o sabía, é ben claro, mais a longo prazo entendín que a única distancia que me separaba daquelas persoas e institucións era a material.

Eu.

Sendo un rapaz sinxelo coa ansia de coñecer e crear.

Era erradamente inconcibible.

Primeiro vin no teatro de Vai no Dentista, con Daniel Baamonde e Sagrario Torrado á cabeza, unha saída a esa arroutada controlada de creación artística e, máis adiante, xa fóra do contexto do instituto, descubrín que todo aquilo —as bibliotecas, o teatro, as clases de Lingua e Literatura, as efemérides literarias— tiña un propósito maior agochado: formarme como autor, actor de teatro e mais, sobre todo, como cidadán do país e do mundo.

Á fin e ao cabo, no meu caso, todas estas facetas que desenvolvín por aproximarme ao teatro e ás bibliotecas acabaron por converxer, sen dúbida, no mesmo papel vital que hoxe sosteño simbolicamente nas miñas mans. Con certeza que as bibliotecas poden cambiar o rumbo das persoas.

Adrián Noia e eu levabamos vidas moi diferentes ata que comezamos a traballar xuntos no salón de actos do instituto no ano 2017, pero os dous compartiamos xa a paixón polo teatro e os libros.

Eu, Sagrario Torrado, lembro perfectamente o primeiro día que entrei nunha biblioteca: era a biblioteca do centro no que me

acababa de matricular. Tiña nove anos. Ata entón estivera nunha escola unitaria, sita en Vilariño (Cespón, Boiro), onde os poucos libros que había se gardaban nunha vitrina pechada con chave.

Na miña casa, no seo dunha familia humilde do rural, só recordo un libro que se titulaba *Estatísticas mundiais* e pertencía ao meu pai, quen nolo lía polas noites todo cheo de razón. Así aprendín onde estaba e canto medía o Everest —que, por certo, xa medrou desde aquela—, cal era o pico máis alto de España ou cal era o río máis caudaloso de Europa e cal o máis longo.

Porén, na biblioteca da escola nova, os libros eran, aos ollos dunha nena de nove anos, infinitamente máis fermosos, con contidos interesantes, con debuxos, capítulos e títulos suxestivos. Recordo que, en canto me deron o meu carné da biblioteca, collín para levar á casa *Moby Dick*: inxenua de min! Creo que non entendín nada do libro de Herman Melville e aquela balea branca perseguíume coma unha pantasma durante moitos anos, pero esa é outra historia.

Pasaron os cursos e moitas lecturas. Mais, ao tempo que me ía formando naquel centro e noutros, filtrábase por todas as costuras do sistema educativo o temor e a preocupación pola falta de interese lector da maioría do alumnado. Esa preocupación e ese temor seguen vivos nas escolas e institutos.

A finais do século XX declaramos culpable deste mal a televisión; hoxe, o móbil e Internet. Nos dous casos, as pantallas desvían a atención da palabra impresa.

Cando penso nesta situación, vénme á cabeza a expresión «unha imaxe vale máis ca mil palabras». Esta máxima, que se adxudicou ao xornalismo e á publicidade, pero cuxa orixe sorprendería, foi mil veces corrompida por quen quería fuxir das follas dos libros para refuxiarse na pantalla. Cheguei a aborrecer esa frase.

No entanto, o verdadeiro autor desta cita é Henrik Ibsen, un poeta e dramaturgo noruegués que en 1906 afirmou que «mil palabras non deixan a mesma impresión profunda ca unha soa acción». Evidentemente, a intención de Ibsen non era desvalorizar a lectura, senón potenciar o valor do teatro.

En 2011 fun nomeada coordinadora do Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega (ENDL) do IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela. Dentro das miñas funcións estaba a de normalizar e dinamizar o uso da lingua galega a través do grupo de teatro do instituto, Vai no Dentista, que nacera en 1995. Mais daquela o traballo realizado no salón de actos do centro pasaba completamente desapercibido para o resto da comunidade educativa (excepto para a clase que asistía aleatoriamente como público durante o Certame de Teatro Intercentros de Santiago e comarca). A primeira representación de Vai no Dentista que vin, en maio de 2011, titulábase *Illa Muller* e, un par de semanas antes da estrea, a metade do elenco abandonara o grupo por culpa do estrés que lle provocaban os temíbles exames de segundo de bacharelato. Lembro asistir con medo e incerteza a aquela representación e quedar marabillada pola beleza das escenas e, non en menor medida, pola valentía daquelas cinco actrices ao saíren ao escenario para defender unha obra cuxo texto e fondo quedara tan devastado pola marcha das compañeiras. Esa enerxía do grupo e a creatividade da escenografía graváronse na miña mente. Ese día reconcilieime coa frase de Ibsen, pois é no teatro onde cobra o seu sentido xenuíno, é alí onde a palabra se incorpora e alcanza o obxectivo para o que foi escrita.

Levaba dous anos no centro e non sabía que había un grupo de teatro ata que me nomearon, como xa dixen, coordinadora do EDL. Así que no curso seguinte comecei a traballar con Vai no Dentista para sacalo das marxes. Tiña a firme intención de conseguir que o labor do teatro permease á actividade da comunidade educativa e que o resto do alumnado, sempre desde o respecto, fose testemuña directa da singularidade e o atrevemento que o noso teatro podía ofrecer ao día a día do instituto.

E iso é o que o EDL do Xelmírez I está a facer desde entón: canalizar a maioría das actividades de cada ano lectivo a través de Vai no Dentista, é dicir, integrar a súa creatividade, o uso da linguaxe verbal e non verbal e os valores que é capaz de transmitir o teatro na actividade académica do centro. Por exemplo, desde 2019, no Día Internacional da Lingua Inicial, o 21 de febreiro, o grupo percorre as aulas do instituto interrompendo a actividade lectiva para interpretar unha peza de microteatro que conciencie da importancia da lingua galega. Petar na porta e «atracar coma piratas» as horas de matemáticas, como diría Daniel Baamonde, é tamén unha forma máis de cultivar ese trazo intrínseco do teatro que é a transgresión.

Os beneficios académicos e persoais do labor teatral son ben coñecidos: o alumnado que forma parte dun grupo de teatro escolar vive en primeira persoa o proceso de creación e aprende a planificar proxectos dramáticos, analiza e memoriza textos literarios, estuda os personaxes e as súas emocións, depreda a transmitilas e a valorar tamén a propia identidade e a dos demais.

Menos coñecido é, quizais, o proveito que tira o resto da comunidade educativa da presenza e da colaboración do grupo de teatro nas súas iniciativas, pero non se pode pasar por alto que lles confire un aire fresco e descarado. Alumnado e profesorado son público de honra nas actividades do instituto, que poden ver representadas dun xeito pouco ou nada canónico, mesmo experimental, sen perder nin un chisco de calidade e criterio artísticos, de fondo intelectual e de transmisión de valores.



Actuación teatral de Vai no Dentista na presentación de *O navegante*, de Tristán Ron, na biblioteca do IES Arcebispo Xelmírez I en marzo de 2023]

Un paso natural na consecución deste obxectivo foi xustamente vincular o teatro e a biblioteca, punto neuráxico de actividade dentro dunha institución educativa. Moitas foron desde 2012 ata hoxe as actividades da biblioteca do instituto nas cales participou o grupo de teatro: lecturas dramatizadas, representacións de microteatro, clubs de lectura, entrega de premios de banda deseñada (AX1), de ensaio subversivo (Guillermo Domínguez), Premio Breviter de microrrelatos, recitais poéticos, exposicións, realización de vídeos, podcasts, documentais, presentación de libros (*O país dos raposos*, de Adrián Noia, en 2022; *O navegante*, de Tristán Ron, en 2023; e *Querer non é poder*, de Noela Rivas Cantelar, en 2023) etc. Porque unha biblioteca escolar non é só unha restra de andeis cheos de libros, é un centro de coñecemento, un estímulo intelectual, un lugar de inspiración, punto de encontro e de fomento da lectura e da cultura. E alí, fronte aos andeis de teatro galego, na busca dun libro de Roberto Vidal Bolaño atopei eu a Adrián Noia.

Resumo:

Dúas persoas con orixes diversas xúntanse neste artigo para dar a coñecer as súas traxectorias vitais a través das bibliotecas e dos libros. Desde a óptica conciliadora do teatro, reflexionan sobre a influencia da actividade dramática nas súas vidas como membros do grupo Vai no Dentista, sendo Adrián Noia alumno e Sagrario Torrado a coordinadora, no IES Arcebispo Xelmírez I.

Imaxe portada:



Source URL: <http://www.edu.xunta.gal/eduga/2705/boas-practicas/mil-caras-do-teatro>

Links

[1] <http://www.edu.xunta.gal/eduga/secciones-revista/boas-practicas>

[2] <mailto:sagrario.torrado@edu.xunta.es>